

DERECHOS DEL HOMBRE

Juan Rodríguez, 2018

641

PASE ÚNICO EN NUMAX: 19.02.2020 | V.O. | TP

Derechos del hombre (2018, 75')

Dirección: Juan Rodríguez

Guión: Juan Rodríguez, Eduard Mont de Palol

Elenco: Lola Rubio, Jorge Dutor, Gianfranco Poddighe, Katrin Memmer

Son: Camilo Iriarte Flores

Montaxe: Manuel Muñoz Rivas

Fotografía: Roman Lechapelier

Música: Álvaro Martínez León

Productora: Tajo Abajo (España)

Distribuidora: Tajo Abajo

Formato de proxección: DCP2K, 1.77:1

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Toulouse 2019 (Mellor Opera Prima),

Xixón 2019 (Estrea Mundial), FID

Marseille 2019 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA

El complejo de dinero, 2013

SINOPSE

Unha errática e excéntrica compañía de circo ergue a súa carpa nas aforas dun pequeno pobo da meseta castelá para rematar de dar os últimos retoques ao seu novo e grandioso espectáculo: *Derechos del hombre*. Un show a medio camiño entre o revolucionario, o utópico e o necesario, pero que ás veces non pode escapar do máis mundano.

«Abraiante. Poderíase etiquetar como performático pero sería limitar a palabras máis ou menos comúns e intelixíbeis a liberdade que encerra este singular filme»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS

OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO DE NUMAX

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Notas de produción

En 2013, Juan Rodríguez reúne un equipo de dez persoas nunha illada finca de Extremadura para gravar *Der Geldkomplex* [El complejo de dinero]. Dous membros dese grupo eran técnicos e o resto profesionais das artes escénicas: danza, performance, escenografía, teatro e música. Catro anos despois, o mesmo equipo vólvese atopar en San Román de Hornija, un pequeno pobo da provincia de Valladolid, para crear *Derechos del hombre*, un filme cuxos personaxes tentarán rachar co illamento ao que estaban sometidos en *Der Geldkomplex*.

Con este obxectivo, modifícanse as condicións: se para facer o primeiro filme se contaba cunha tecnoloxía dixital, unha casa illada nas montañas e un texto literario (a novela homónima de Franziska von Reventlow a xeito de partitura que interpretar), en *Derechos del hombre* o punto de partida limitouse a 35 latas de película de 16 mm., un par de baúles de vestiario e unha carpa de circo montada nas eiras do pobo. Partindo de dispositivos tan diferentes, ambos proxectos comparten algo esencial: o filme debe ser montado, se hai sorte, durante a propia rodaxe.

Esa metodoloxía deriva do desexo por descubrir o descoñecido e presentar unha obra cinematográfica capaz de ofrecer unha idea de liberdade. En lugar da posta en escena dunha forma pensada previamente, o traballo é concibido como investigación e experimentación. Isto implica que cando se descobre o filme que tiñamos que facer, chega o momento de recoller o material e volver a casa. *Derechos del hombre* documenta o encontro e o esforzo destes honrados traballadores da arte no seu afán por seducir o público. Tres semanas máis tarde e unha vez rematada a rodaxe, das 35 latas de película sobrarian dúas (20 minutos dun total de 350), que seguen na neveira do director. Unha vez as roupas atoparon os seus personaxes, xa non se volven separar deles. Máis tarde escoitamos que a carpa foi aproveitada por un hombre chamado *o Negro* que, segundo parece, volveu montala nalgún lugar do norte da península.

Cinema indómito

Por Elsa Fernández-Santos

Por fortuna o cinema español non se limita ao seu modelo industrial e de cando en vez sorprende con novos camiños capaces de cuestionar e renovar a súa linguaxe. Sucedeu, por caso, con filmes como *El señor* (2012) e *Gente en sitios* (2013), de Juan Cavestany, que froito da perplexidade do seu autor e da crise económica, abriron un necesario e novidoso campo de visión até converterse en filmes medulares da pasada década. Nese mesmo impulso de exploración e investigación sitúase Juan Rodríguez, que no seu segundo filme, *Derechos del hombre*, afonda no traballo que iniciou en 2013 con *El complejo de dinero*.

Derechos del hombre é un filme experimental e improvisado que volve reunir a parte do reparto de *El complejo de dinero* nun proxecto asombroso, no que o seu fondo e método ácrata (herdeiro desa tradición que se sostén en personaxes tan impares como Agustín García Calvo ou Chicho Sanchez Ferlosio) abre ao exterior en comunión. Ou como lle di unha das artistas ao mestre de cerimonias cando un dos seus colegas abandona a aventura: «Con poucas cousas chégase máis lonxe».

O filme gravouse durante tres soleadas semanas nas aforas dun pobo de Valladolid cunha carpa e dous baúles con vestiario para seis actores, un pobo e un río. Unha sorte de Circo Aligre (ese iconoclasta grupo francés que a finais dos setenta converteu os seus cinco integrantes en revolucionarios do xénero), pero pobre e mesetario. O que alí pasa poderíase etiquetar como performático, pero sería limitar a palabras máis ou menos comúns e intelixíbeis a liberdade que encerra esta singular película. Todo o que vemos nela ocorre fóra da súa carpa, nos prolegómenos dun espectáculo sobre o que os seus personaxes teorizan e ensaian rodeados dun mundo rural que na súa solitaria decadencia agocha un misterioso e fermoso esplendor. En definitiva, xente rara facendo esas cousas raras que acaban cambiando o mundo.

O DIRECTOR

Juan Rodríguez (Madrid, 1971) estuda un ano de cinema antes de rematar os seus estudos de Historia. Despois dirixe a galería de arte *La verde oliva* en Granada, funda a produtora Tajo Abajo e crea un grupo de coreógrafos e performers no Instituto de Arte Analfabeto, a través do cal produce e dirixe a súa opera prima *Der Geldkomplex* (*El complejo de dinero*).

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org